

Presentación do Programa formativo “Flying Fun”



Xoves, 14 de decembro de 2023, 20:00 horas.

Inscripción gratuíta no enlace:

https://us06web.zoom.us/webinar/register/WN_CVXTteMLSP2-zmjna1phvA

- Dirixido a público xeral.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE



Presentación do Programa formativo “Flying Fun”

Presentación das bases psicoeducativas no Programa de formación en lingua inglesa “Flying Fun”.

“Flying Fun” combina a aprendizaxe do inglés con outras habilidades, coñecementos e valores a través dun equipo multidisciplinar no campo da psicoloxía, as artes, a filoloxía e a educación. Favorece o desenvolvemento a creatividade e fortalezas individuais, o pensamento crítico, a multiculturalidade, tolerancia e igualdade, a vez que se aprende o inglés.

PRESENTA



María Reynolds Barrecheguren (G-06474):

Licenciada en Psicoloxía e Máster en Recursos Humanos. A súa primeira experiencia foi no eido da consultoría (selección de persoal e *headhunting*); despois de traballar no Centro de Información á Muller en Santiago de Compostela e realizar un Máster en Igualdade, exerceu impartindo formación en igualdade e orientación laboral. Desde 2022, xunto con outras dúas socias, creou “Flying Fun”, onde imparten formación en inglés.

